
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	5
<i>Prácticas remuneradas</i>	5
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	8
Participación dos cidadáns	10
<i>Iniciativas lexislativas</i>	10
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	10
Actos xurídicos	11
<i>Actos lexislativos</i>	11
<i>Outros actos</i>	11
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	13
Procesos por infracción contra España	14
Estatísticas do Eurostat	16
<i>Indicadores económicos</i>	16
<i>Outros datos</i>	16
Documentos do Tribunal de Contas da UE	18
Sondaxes do Eurobarómetro	19
Suxestións bibliográficas	20
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	20
<i>Outras obras</i>	21

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido e Sofía Rodríguez López.

ACTUALIDADE

Guerra na Ucraína

A presidenta da Comisión Europea, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, o presidente do Consello Europeo, o socialdemócrata portugués António Costa, e a presidenta do Parlamento Europeo, a conservadora maltesa Roberta Metsola, emitiron unha declaración conxunta en que afirmaron, novamente, os principios fundamentais do dereito internacional e lembraron que Rusia e os seus dirixentes son os únicos responsables da guerra na Ucraína e das atrocidades cometidas contra a poboación dese país. Alén diso, continuaron a pedir que se rendesen contas por todos os crimes de guerra e crimes contra a humanidade cometidos. • Os estados membros, reunidos no Consello, aprobaron o 16.º paquete de sancións da UE contra Rusia, o que aumenta a presión sobre o Kremlin. As novas medidas diríxense a sectores chave da economía rusa, como a enerxía, o comercio, o transporte, as infraestruturas e os servizos financeiros, ao mesmo tempo que se aumentan ou intensifican os esforzos para evitar a elusión de sancións. • A presidenta da Comisión anunciou en Kiev que a Ucraína recibirá un pagamento de 3.500 millóns de euros da UE en marzo, coincidindo co terceiro aniversario da guerra no país iniciada por Rusia.

Comunicado de prensa sobre a declaración [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comunicados de prensa sobre as sancións [no sitio do Consello](#) e [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre [as sancións a Rusia](#) e sobre [o pagamento á Ucraína](#) no *EuroEFE*.

Enerxía

Estonia, Letonia e Lituania tornáronse totalmente independentes dos sistemas eléctricos de Rusia e de Bielorrusia. Integráronse con éxito no mercado interno de enerxía da UE adheríndose á rede continental europea a través de Polonia. Isto permite aos estados bálticos operar os seus propios sistemas enerxéticos so regras europeas comúns e transparentes. A sincronización deses tres países non só contribúe á seguranza do fornecemento de toda a UE; tamén apoiará a integración de enerxía renovable no sistema, permitindo, en última instancia, que os consumidores se beneficien de custos de enerxía máis baixos. • A UE vai destinar case 422 millóns de euros a 39 proxectos que despregarán infraestruturas de subministración de combustibles alternativos ao longo da rede transeuropea de transporte (RTE-T), contribuíndo á descarbonización. Estes proxectos seleccionáronse dentro do Mecanismo para a Infraestrutura para os Combustibles Alternativos 2024-2025 (AFIF) do programa «Conectar Europa», que financia as infraestruturas de transporte comunitarias. Con esta selección, o AFIF apoiará uns 2.500 puntos de recarga eléctrica para vehículos lixeiros e 2.400 para vehículos pesados ao longo da rede europea de estradas RTE-T; 35 estacións de reposición de hidróxeno para automóbiles, camións e autobuses; a electrificación dos servizos de asistencia en terra en oito aeroportos; a ecoloxización de nove portos, e dúas instalacións de abastecemento de amoníaco e metanol.

Comunicado de prensa sobre os estados bálticos [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información sobre os estados bálticos [no The Guardian](#), [na BBC](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE](#).

Comunicado de prensa sobre o AFIF [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Guerra comercial cos EUA

Perante as ameazas do goberno dos EUA de impor tarifas a todas as importacións procedentes da UE, a Comisión realizou unha declaración afirmando que a política comercial «recíproca» proposta polo presidente Trump é un paso na dirección errada. A UE, continúa a declaración, mantén o seu compromiso cun sistema comercial global aberto e predicible que beneficie a todos os socios. A UE aplica algunhas das tarifas máis baixas do mundo e non ve xustificación algunha para un aumento dos aranceis estadounidenses sobre as súas exportacións. En calquera caso, a Comisión anunciou que a UE reaccionará de forma inmediata e firme aos obstáculos inxustificadas ao comercio libre e xusto, incluíndo cando as tarifas foren utilizadas para cuestionar políticas legais e non discriminatorias. A UE, conclúe a declaración, sempre protexerá ás empresas, os traballadores e os consumidores europeos de medidas alfandegarias inxustificadas.

Comunicado de prensa sobre a declaración [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre a resposta da UE ás medidas defendidas por Trump [no *The Guardian*](#), [no *Político*](#) (en inglés), [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Intelixencia Artificial

A presidenta da Comisión, Ursula von der Leyen, anunciou o lanzamento da iniciativa «investAI» dotada con 50.000 millóns de euros e outros 8.000 millóns para fábricas de Intelixencia Artificial (IA). A Comisión Europea e países como Francia comprometéronse a sumarse á carreira da IA fronte aos EUA e a China, os dous xigantes do sector, antepondo o crecemento a outros obxectivos. Nese sentido, por un lado, Von der Leyen expresou a súa satisfacción pola iniciativa privada «EU AI Champions», que agrupa máis de 60 grandes empresas e está dotada con 150.000 millóns de euros, cantidade que «investAI» complementaríase até alcanzar os 200.000 millóns para dar lugar á maior asociación público-privada do mundo. Alén diso, a xefa do executivo comunitario defendeu as Xigafactorías de Intelixencia Artificial, cualificándoas como o cume da infraestrutura informática pública e afirmando que están en condicións de emular o éxito do CERN. Por outro lado, a Comisión retirará a proposta de Directiva sobre Responsabilidade da Intelixencia Artificial, movemento recibido coa decepción xeneralizada dos partidos políticos do Parlamento Europeo, o apoio do Consello e o alivio das grandes empresas tecnolóxicas.

Comunicado de prensa sobre a iniciativa «investAI» [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre a iniciativa «investAI» [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *Euractiv*](#).

Máis información sobre a retirada da directiva [no *Euractiv*](#).

Programa de traballo da Comisión para 2025

A Comisión adoptou o seu programa de traballo de 2025, no cal expón a súa ambición de impulsar a competitividade, mellorar a seguranza e reforzar a resiliencia económica na UE. A Comisión espera facilitar, ao longo dos próximos cinco anos, o cumprimento das normas da UE na práctica, reducir a burocracia e simplificar as normas da UE. Para iso, presentou unha serie de propostas legislativas en diferentes dominios. Unha das medidas propostas neste paquete ómnibus é a simplificación burocrática sobre as normas de sustentabilidade para as empresas; outra, un plano de acción industrial para axudar as industrias da UE a melloraren a súa competitividade; finalmente, un plano de acción enerxético con medidas a curto prazo para reducir as facturas da enerxía tanto nos lares como nas empresas, completar a Unión da Enerxía, atraer investimentos e neutralizar

posibles crises enerxéticas. As propostas foron recibidas con satisfacción polas empresas, e criticadas dentro da propia Comisión, no Parlamento Europeo e por organizacións ecoloxistas.

Comunicado de prensa sobre o programa de traballo [no sitio da Comisión](#).

Comunicado de prensa sobre a simplificación burocrática sobre sustentabilidade [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre a simplificación burocrática [no Politico](#) (en inglés) e [no EuroEFE](#).

Comunicado de prensa sobre o plano de acción industrial [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre o plano de acción industrial [no The Guardian](#), [no Politico](#) (en inglés) e [no EuroEFE](#).

Comunicado de prensa sobre o plano de acción enerxético [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre o plano de acción enerxético [no EuroEFE](#).

Máis información sobre as críticas ás propostas da Comisión [no Politico](#) (en inglés).

Proposta de gasto para defensa

A presidenta da Comisión, Ursula von der Leyen, anunciou que proporía activar a cláusula de escape das regras fiscais comunitarias, que autoriza desvíos a respecto dos límites de débeda e déficit, para permitir que os estados membros invistan máis en defensa. Von der Leyen xa anunciara que estudaría flexibilizar as regras do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que limitan os niveis de déficit e débeda que poden alcanzar os estados membros, mais non precisara como o faría.

Máis información [no EuroEFE](#).

Regulamento sobre embalaxes de plástico

O regulamento sobre embalaxes e residuos de embalaxes entra en vigor con novas medidas para encarar mellor os desafíos ambientais creados polo exceso de embalaxes. Aspira a reducir notablemente as emisións de gases de efecto invernadoiro, o uso de auga e os custos ambientais na industria da embalaxe. As novas medidas teñen como obxectivo desenvolver un mercado único para os residuos, os materiais secundarios e reutilizables, promover a reciclaxe, e reducir a dependencia dos recursos primarios.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Acordo Comercial Interino UE-Chile

O Acordo Comercial Interino UE-Chile entrou en vigor após a finalización do proceso de ratificación de Chile. O acordo, asinado en decembro de 2023, aspira a impulsar a competitividade das empresas de ambas as partes, ao mesmo tempo que proporcionará unha plataforma compartida para o desenvolvemento das economías de cero emisións netas. Este traballo verase apoiado por iniciativas en curso como o desenvolvemento de cadeas de valor de materias primas fundamentais para o litio e o cobre, e a produción de hidróxeno verde en Chile. Alén diso, o acordo coloca no centro das relacións bilaterais compromisos importantes e disposicións específicas sobre comercio sustentable e igualdade de xénero.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comité Europeo de Servizos de Medios de Comunicación

O novo Comité Europeo de Servizos de Medios de Comunicación realizou a súa reunión constitutiva, marcando un fito na aplicación do Regulamento Europeo sobre a Liberdade dos Medios de Comunicación. O Comité Europeo de Servizos de Medios de Comunicación é un órgano consultivo independente a nivel da UE composto por representantes dos reguladores estatais dos medios de comunicación; substituirá e continuará o labor do Grupo de Entidades Reguladoras Europeas para os Servizos de Comunicación Audiovisual. Como tal, o comité promoverá a aplicación coherente da directiva de servizos de comunicación audiovisual, proporcionando ao mesmo tempo coñecementos especializados e asistencia á Comisión sobre a regulación dos medios de comunicación.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Fondo para Peme

A Comisión e a Oficina de Propiedade Intelectual da UE puxeron en marcha o Fondo para Peme de 2025 a fin de proporcionar apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas (peme) para xestionar e protexer mellor os seus activos intanxibles. O Fondo para Peme é un réxime de subvencións deseñado para axudar as peme a protexer os seus dereitos de propiedade intelectual, incluíndo as patentes, as marcas, os debuxos e modelos industriais e as novas variedades vexetais. En 2025, as peme poderán beneficiarse de subvencións de até 1.000 euros para custos de rexistro de patentes, 1.500 euros para os custos xurídicos de redacción e presentación de solicitudes de patentes europeas e ata 750 euros para os custos de rexistro de marcas ou debuxos e modelos.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Axudas agrícolas

Os estados membros deron o visto e praxe á proposta da Comisión de mobilizar 98,6 millóns de euros da reserva agrícola para apoiar directamente os agricultores de España, Croacia, Chipre, Lituania e Hungría que se viron afectados por fenómenos climáticos adversos e catástrofes naturais excepcionais desde a primavera de 2024. Deses cantidade, a Comisión entregará 68 millóns de euros en España.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Banco Europeo de Investimento \(BEI\)](#) e [Fondo Europeo de Investimento](#). Prazo até 11 de marzo.
- [Consello da UE](#). Prazo até 12 de marzo.
- [Comisión Europea](#). Prazo até 17 de marzo.
- [Tribunal de Xustiza da UE](#). Prazo até 15 de abril.
- [Comité Económico e Social Europeo](#). Prazo até 31 de marzo.
- [Comité das Rexións](#). Prazo até 31 de marzo.
- [Axencia do GNSS Europeo \(GSA\)](#). Prazo até 30 de abril.
- [Axencia Europea para a Seguranza da Aviación \(EASA\)](#). Prazo até 31 de decembro.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación \(Joint Research Centre, JRC\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Varios prazos.
- [Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero \(EIGE\)](#). Prazo até 10 de marzo.

Emprego

- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para outros contratos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(Joint Research Centre, JRC\)](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Banco Europeo de Investimento \(BEI\) e Fondo Europeo de Investimento](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea das Substancias Químicas \(ECHA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea de Medicamentos \(EMA\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo de Policía \(EuroPol\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea para a Xestión Operacional de Sistemas Informáticos de Grande Escala no Espazo de Liberdade, Seguranza e Xustiza \(eu-LISA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea para a Seguranza da Aviación \(EASA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea da Seguranza Marítima \(EMSA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Ferroviaria Europea \(ERA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Executiva para as PeME \(EISMEA\)](#). Varios prazos.
- [Empresa común para o Hidróxeno Limpo \(antiga FCH 2\)](#). Varios prazos.
- [Empresa común para a realización do sistema europeo de nova xeración para a xestión do tránsito aéreo \(SESAR\)](#). Varios prazos.
- [Autoridade Europea para a Seguranza dos Alimentos \(EFSA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea para a Seguranza e la Saúde no Traballo \(EU-OSHA\)](#). Varios prazos.
- [Fiscalía da UE \(EPPO\)](#). Varios prazos.
- [Autoridade Bancaria Europea \(EBA\)](#). Prazo até 6 de marzo.
- [Unidade Europea de Cooperación Xudicial \(EUROJUST\)](#). Prazo até 7 de marzo.
- [Instituto de Estudos de Seguranza da UE \(EUISS\)](#). Prazo até 7 de marzo.

- Observatorio Europeo das Drogas e a Toxicodependencia (EMCDDA). Prazo até 11 de marzo.
- Axencia do GNSS Europeo (GSA). Prazo até 12 de marzo.
- Axencia da UE para o Programa Espacial (EUSPA). Prazo até 12 de marzo.
- Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE). Prazo até 19 de marzo.
- Instituto Universitario Europeo de Florencia. Prazo até 7 de abril.
- Axencia Ambiental Europea (EEA). Sen prazo.
- Autoridade Europea dos Seguros e Pensións de Xubilación (EIOPA). Sen prazo.

Financiamento

Educación, deporte e xuventude

- [Acto deportivo europeo a grande escala](#). Prazo até 5 de marzo.
- [Convocatoria aberta INSHAPE](#). Prazo até 14 de abril.
- [Sociedade Civil no dominio da Xuventude](#). Prazo até 15 de maio.

Investigación e innovación

- [Proxectos curtos de innovación do IET 2025](#) Prazo até 11 de marzo.
- [Innovacións en saúde global](#). Prazo até 20 de marzo.
- [Acuicultura circular en parques eólicos](#). Prazo até 30 de marzo.
- [Mobilidade PoliRuralPlus](#). Prazo até 31 de marzo.
- [FutureLakes](#). Prazo até 31 de marzo.
- [NGI Fediversity](#). Prazo até 1 de abril.
- [IGN Mobifree](#). Prazo até 1 de abril.
- [Fondo NGIO Commons](#). Prazo até 1 de abril.
- [NGI TALER](#). Prazo até 1 de abril.
- [PartArt4OW](#). Prazo até 3 de abril.
- [Cursos de Desenvolvemento Profesional do IET](#). Prazo até 11 de abril.
- [Proxectos innovadores cultura e creatividade do IET](#) Prazo até 11 de abril.
- [8.ª convocatoria aberta StandICT.eu](#). Prazo até 11 de abril.
- [Faro europeo para unha IA fiable e ecolóxica](#). Prazo até 14 de abril.
- [Produción de hidróxeno con baixas emisións](#). Prazo até 23 de abril.
- [NebulOuS. Convocatoria aberta #2](#). Prazo até 23 de abril.
- [Residencias de Xornalismo Científico](#). Prazo até 6 de maio.
- [Big Tickets for Coal](#). Prazo até 6 de maio.
- [Big Tickets for Steel](#). Prazo até 6 de maio.
- [EIC Pathfinder Open](#). Prazo até 21 de maio.

Cidadáns

- [ONG Valores Europeos. Stream I \(Incubadora\)](#). Prazo até 14 de marzo.
- [ONG Valores Europeos. Stream II \(Acelerador\)](#). Prazo até 3 de abril.

Mercado único e concorrência

- Ecosistema Europeo de Turismo Circular. Prazo até 20 de marzo.

Emprego e asuntos sociais

- Subvencións de apoio ás redes de ONG sociais europeas. Prazo até 8 de abril.
- Subvencións anuais de apoio ás redes de ONG sociais. Prazo até 15 de abril.
- Iniciativas transfronteirizas EURES. Prazo até 6 de maio.

Relacións externas

- Fortalecemento do marco de administración de terras en Xordania. Prazo até 10 de abril.

Ambiente, enerxía e clima

- Interreg Next MED. Proxectos de transición ecolóxica 2025. Prazo até 15 de abril.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- Proxectos de Prevención e Preparación. Prazo até 29 de abril.
- Exercicios de prevención a grande escala. Prazo até 15 de maio.
- Redes europeas activas no dominio da cooperación xudicial. Prazo até 26 de xuño.
- Cooperación xudicial en materia civil e penal. Prazo até 3 de xullo.

Sociedade dixital

- Centros de Competencia. Prazo até 29 de abril.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- [HouseEurope! Promover a renovación](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2026.

Consultas públicas aos cidadáns

Concorrenca

- [Normas de concorrencia da UE sobre os acordos de transferencia de tecnoloxía \(revisión\) \[comunicación\]](#). Prazo até 25 de abril.
- [Normas de concorrencia da UE sobre os acordos de transferencia de tecnoloxía \(revisión\) \[regulamento\]](#). Prazo até 25 de abril.

Ambiente

- [GreenData4All: Normas actualizadas sobre datos xeoespaciais ambientais e sobre o acceso á información ambiental](#). Prazo até 30 de abril.

Orzamento

- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Rendemento do orzamento da UE](#). Prazo até 6 de maio.
- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Execución do financiamento da UE cos estados membros e as rexións](#). Prazo até 6 de maio.
- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Financiamento da UE para a protección civil, a preparación e a resposta ás crises](#). Prazo até 6 de maio.
- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Financiamento da UE para a acción externa](#). Prazo até 6 de maio.
- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Financiamento da UE para a competitividade](#). Prazo até 6 de maio.
- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Financiamento da UE para o mercado único e a cooperación entre as autoridades dos estados](#). Prazo até 6 de maio.
- [Próximo orzamento a longo prazo \(MFP\) da UE: Financiamento da UE para a educación, a formación e a solidariedade transfronteirizas, os mozos, os medios de comunicación, a cultura e os sectores creativos, os valores e a sociedade civil](#). Prazo até 6 de maio.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/40 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de decembro de 2024, sobre as embalaxes e os residuos de embalaxes. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2025/38 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de decembro de 2024, por que se establecen medidas destinadas a reforzar a solidariedade a as capacidades na UE a fin de detectar ciberameazas e incidentes, prepararse e responder a eles (Regulamento de Cibersolidariedade).
- Regulamento (UE) 2025/130 da Comisión, de 28 de xaneiro de 2025, relativo a novidades no marco da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna w flora silvestres e a posibilidade de emitir permisos retroactivos.
- Regulamento (UE) 2025/202 do Consello, de 30 de xaneiro de 2025, por que se fixan para 2025 e 2026 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peixes aplicables nas augas da UE e, no caso dos barcos de pesca da UE, en determinadas augas non pertencentes á UE.
- Directiva (UE) 2025/1 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de novembro de 2024, por que se establece un marco para a recuperación e a resolución das empresas de seguros e reaseguros. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2025/50 do Consello, de 10 de decembro de 2024, relativa a un axuste máis rápido e seguro das retencións en orixe practicadas en exceso.
- Directiva (UE) 2025/25 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de decembro de 2024, relativa á ampliación e o melloramento da utilización de ferramentas e procesos dixitais no dominio do dereito de sociedades. (Texto pertinente para efectos do EEE.)

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Un Compás para a Competitividade da UE.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Unha Europa máis sinxela e rápida: Comunicación sobre a aplicación e a simplificación.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Unha visión para a agricultura e a alimentación: Configurar xuntos un sector agrícola e agroalimentario atractivo para as xeracións futuras.

- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Plano de acción da UE sobre a seguranza dos cabos.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, os autos e os ditames considerados máis relevantes.

Dereito institucional

O Tribunal de Xustiza, nun auto relativo ao asunto [C-632/24 P-R](#), suspendeu de maneira provisoria, en canto se agarda a sentenza do Tribunal de Xustiza, a obrigaón da Comisión de divulgar a identidade dos membros do equipo negociador para a compra anticipada de vacinas contra a COVID-19.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-146/23](#) e [C-374/23](#), precisou, sobre a independencia xudicial, as exixencias do dereito da UE relativas á fixación da retribución dos xuíces dos estados. As modalidades da súa determinación deben ter unha base legal e ser obxectivas, previsibles, estables e transparentes.

[Resumo da sentenza.](#)

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-158/23](#), resolveu, sobre a protección internacional, que o dereito da UE non se opón, en determinadas condicións, a que os beneficiarios de protección internacional deban aprobar un exame de integración cívica. Porén, non pode sancionarse sistematicamente o feito de suspender o referido exame,

[Resumo da sentenza.](#)

Concorrencia

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-233/23](#), resolveu que pode ser abusiva a negativa dunha empresa en situación de posición dominante a garantir a interoperabilidade da súa plataforma cunha aplicación doutra empresa, que se tornaría así máis atractiva. A negativa pode xustificarse pola inexistencia dun modelo para a categoría das aplicacións en cuestión cando a concesión da interoperabilidade comprometa a seguranza ou a integridade da plataforma.

[Resumo da sentenza.](#)

Consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-472/23](#), resolveu, sobre os contratos de crédito ao consumo, que un banco pode ser privado do seu dereito aos xuros se incumprir a obrigaón de información. Iso pode ser así mesmo cando a gravidade individual do incumprimento desta obrigaón e as súas consecuencias para o consumidor poidan variar segundo os casos.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Empresas

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non comunicar a transposición da directiva delegada que modifica a Directiva contable pola cal se adaptan os criterios de tamaño das micro, pequenas, medianas e grandes empresas ou grupos á inflación ([Directiva 2023/2775](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Cooperación en materia penal

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar plenamente a directiva relativa ao intercambio de información entre as autoridades policiais dos Estados membros ([Directiva 2023/977](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Fiscalidade

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar a directiva relativa ao réxime especial do IVA para as pequenas empresas ([Directiva 2020/285](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non comunicar a transposición completa da directiva sobre as taxas do IVA ([Directiva 2022/542](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Sistema bancario

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar plenamente a [Directiva \(UE\) 2024/1174](#). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)2178] por non ter traspasado as modificacións á Directiva sobre Reestruturación e Resolución Bancarias ([Directiva 2014/59/UE](#), «DRRB») introducidas polo [Regulamento \(UE\) 2022/2036](#). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu levar España perante o TXUE [INFR(2024)0047] por non ter traspasado a Directiva sobre empréstitos dúbidosos [[Directiva \(UE\) 2021/2167](#)]. Pode obterse máis información a este respecto [no comunicado de prensa correspondente](#).

Enerxía e clima

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0224] por non ter trasposto á lexislación estatal as normas da UE que aceleran os procedementos de concesión de autorizacións para proxectos de enerxías renovables establecidos na [Directiva \(UE\) 2023/2413](#). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Inflación anual na eurozona.
- Produción na construción.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- PIB e emprego na eurozona.
- Produción industrial.
- Produción de servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Inflación anual na eurozona.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Uso de servizos públicos en liña.
- Produción de enerxía nuclear.
- Bancarrotas e rexistros de empresas.
- Electricidade de fontes renovables.
- Idade da poboación.
- Neighbourhood crime, violence or vandalism in 2023
- Experiencias de delincuencia, violencia e vandalismo na veciñanza.
- Compras en liña.
- Superávit do comercio extracomunitario de mercadorías.
- Prezos da enerxía.
- Accesibilidade dos servizos de saúde e de educación.
- Pegada dos gases de efecto invernadoiro.
- Estatísticas chave.
- Peticións de asilo.

- Produción de xoias.
- Emisións de gases contaminantes nas actividades económicas.
- Residuos urbanos.
- Mulleres científicas e enxeñeiras.
- PIB real.
- Educación sobre a seguraza informática nas empresas.
- Protección temporal.
- Cota de enerxías renovables no transporte.
- Densidade de liñas férreas.
- Transferencias persoais extracomunitarias.
- Intensidade do traballo nos lares.
- Gasto en asistencia médica preventiva.
- Discapacidade e participación social.
- Pasivos continxentes e empréstimos improditivos.
- Exportacións de servizos.
- Comercio de naves espaciais e de servizos de transporte espacial.
- Almacenamento de estrume nas granxas.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 04/2025: Mobilidade militar na UE.
- Relatorio Especial 05/2025: Acción de Cohesión para os Refuxiados en Europa.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Hábitos de consumo na UE en relación cos produtos da pesca e a acuicultura

58 % das persoas consultadas consome pescado en casa polo menos unha vez por mes. Aínda que estes produtos continúen a ser un alimento básico na dieta europea, a sondaxe revela unha diminución na frecuencia de consumo xeral desde o inquérito de 2021. Só un terzo das persoas consume produtos da pesca e a acuicultura polo menos unha vez por semana, o que significa unha diminución de 4 % a respecto da sondaxe anterior realizada en 2021. A proporción de persoas que nunca consome produtos da pesca e a acuicultura en casa aumentou a 15 %, un 4 % máis que en 2021, o que indica unha mudanza nas tendencias da alimentación.

Inquérito sobre a mocidade 2024

O inquérito sobre a mocidade 2024 do Parlamento Europeo examina as opinións das persoas mozas (de 16 a 30 anos) en toda a UE, centrándose nas súas prioridades políticas, actitudes perante a UE, fontes de información, exposición á desinformación, compromiso político e comportamento electoral nas eleccións europeas de 2024.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

A intelixencia artificial e o futuro do traballo

A maioría dos cidadáns da UE cre que as tecnoloxías dixitais, incluída a intelixencia artificial (IA), teñen un impacto positivo nos seus empregos, a economía, a sociedade e a calidade de vida. 62 % das persoas consultadas considera que os robots e a IA son positivos no traballo e 70 % cre que melloran a produtividade. Aínda que a maioría apoie o uso de robots e IA para tomar decisións no traballo, 84 % acha que a IA require unha xestión coidadosa para protexer a privacidade e garantir a transparencia no lugar de traballo.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Coñecementos e actitudes dos cidadáns da UE a respecto da ciencia e a tecnoloxía

A sondaxe abarca os seguintes temas: coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía, opinións sobre os impactos da ciencia e a tecnoloxía, opinións sobre a gobernanza da ciencia e a tecnoloxía, actitudes perante os científicos, participación dos cidadáns na ciencia e a tecnoloxía, diversidade, inclusión e responsabilidade social, e opinións sobre o uso da intelixencia artificial para a investigación científica.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Ceran, Olga. 2024. *Cross-Border Child Relocation in the EU: The Dynamics of Europeanisation*. Cambridge: Intersentia.

Os casos de recolocación transfronteiriza de menores figuran entre as cuestións máis difíciles no dereito de familia. Os comentaristas non se pon de acordo na interpretación do interese superior do menor e a relevancia da autonomía dos adultos neste contexto. Como as recolocacións afectan a libre circulación na UE, existe un crecente interese pola influencia do dereito da UE na recolocación de menores. Con todo, considerando o alcance da competencia da UE en materia de dereito de familia e a xurisprudencia limitada do Tribunal de Xustiza sobre tales cuestións, moitas preguntas sobre o alcance do dereito da UE fican abertas. Este libro é o primeiro que investiga a dinámica da europeización do dereito de recolocación transfronteiriza de menores. Cal é o alcance e a natureza da influencia do dereito da UE (tanto actual como futura) na recolocación transfronteiriza de menores? Cales son os seus efectos nos sistemas xurídicos dos estados? O libro analiza o marco xurídico europeo da recolocación de menores e as perspectivas de harmonización neste campo.

Elorza, Javier. 2024. *Al límite de lo imposible: Negociaciones pesqueras en África (1979-1981) y en Bruselas (1986-1995)*. Madrid: Cuadernos del Laberinto.

Esta é a historia das negociacións pesqueiras ao longo da costa africana, de Marrocos ás Seychelles, que España tivo que levar a cabo ao final dos anos 70 e durante os 80 e 90, cando abandonou as pesqueiras que frecuentaba até entón. O novo dereito do mar, nomeadamente a extensión do control e da xurisdición até as 200 millas desde as liñas de base — a denominada Zona Económica Exclusiva (ZEE) — representaba a expulsión de todas as frotas estranxeiras que pescaban alí, a non ser que se subscribisen acordos que permitisen continuar coa súa actividade. As negociacións desenvolvéronse nun momento en que nin a administración española nin o sector pesqueiro estaban preparados para encaralas, na que se xogaba o futuro de millares de barcos, das súas tripulacións e de toda a industria en terra que acompañaba ese sector. Comezouse de cero e houbo que negociar cunha ducia de países, tanto en África como en Bruxelas.

Podszun, Rupprecht, ed. 2024. *Digital Markets Act: Article-by-Article Commentary*. Baden-Baden: Nomos Verlagsgesellschaft.

Este libro ofrece unha guía especializada artigo por artigo do Regulamento de Mercados Dixitais e a súa aplicación. Este regulamento regula na UE os chamados «gardíans dixitais». Trátase do primeiro conxunto de normas lexislativas que abarca todo o que vai alén da lei da concorrencia tradicional e proporciona normas esenciais para facer negocios cos gardíans dixitais, en resposta ao recoñecemento global da necesidade dunha maior regulación do sector. Este volume analiza quen é o gardián dixital da conduta prohibida, como deben implementarse as obrigacións, que dereitos teñen os usuarios comerciais das plataformas e como proceder contra os gardíans dixitais no caso dunha infracción.

Outras obras

Kilpatrick, Claire, e Joanne Scott, eds. 2024. *New Frontiers of EU Funding: Law, Policy, Politics*. Nova York: Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/oso/9780198940319.001.0001>.

Desde 2020, o financiamento da UE caracterizouse por innovacións significativas, que a miúdo son controvertidas e dan lugar a cuestións xurídicas complexas. Neste volume avógase por que os xuristas presten máis atención ao orzamento da UE en lugar de centrarse principalmente no financiamento non orzamentario ou centrarse nun ángulo específico, como a condicionalidade do estado de dereito. A obra incorpora a análise do mudable panorama do financiamento da UE no contexto máis amplo do orzamento da UE e da lexislación e a práctica do financiamento. Os diferentes capítulos ofrecen unha visión xeral e unha avaliación de tres novas fronteiras do financiamento da UE. A primeira ten que ver co por que e o como das innovacións no financiamento da UE. A segunda fronteira céntrase principalmente nas preocupacións relacionadas co estado de dereito, en canto a terceira analiza se, e de que maneira, o novo financiamento da UE entrou e remodelou fundamentalmente o terreo do dereito e os políticos substantivos da UE. A avaliación está orientada ás políticas e é de natureza xurídica.

Natea, Mihaela Daciana, Maria Costea, e Simion Costea. 2024. *EU Security and Multicultural Societies: Dealing with a Russian Empire Revival*. París: L'Harmattan.

Este libro analiza os desafíos de seguranza que a UE e os seus veciños do Leste encaran no contexto do rexurdimento do imperialismo ruso. O libro aborda exemplos de agresión rusa, impedimentos económicos, complexidades sociais, desafíos asociados con comunidades multiétnicas, a prevalencia de sistemas oligárquicos e as aspiracións europeas da Ucraína, a República de Moldavia e Xeorxia. O libro propón solucións realistas a todas cuestións tan complexas.

Haltern, Ulrich. 2025. *Constitution of the European Union: A Contextual Analysis*. Oxford: Hart. <http://dx.doi.org/10.5040/9781782257530>.

Esta obra ofrece unha análise contextual da constitución da UE, a cal, á diferenza da maioría das constitucións, non pertence a un estado, senón que é unha organización internacional que deixou atrás as características do dereito internacional para entrar nun terreo moi próximo ao dereito interno dos estados federais. Moitas características que damos por certas nos estados-nación son inexistentes ou cuestionadas na EU. Non existe un texto constitucional da UE no sentido estrito do termo; o «Tratado Constitucional» asinado polos estados membros en 2004 fracasou no proceso de ratificación popular. Os textos fundacionais da EU eran tratados internacionais: dereito internacional, non dereito constitucional. E, con todo, co tempo, a doutrina xurídica establecida polo TXUE en Luxemburgo deu lugar a atributos constitucionais do dereito da UE, e a práctica política, liderada pola Comisión, reflectiu estes atributos. Como consecuencia, vimos unha reordenación constante dos límites funcionais dos estados membros, seguida dunha reordenación nacente dos límites imaxinarios da comunidade política. Todos estes aspectos teñen que ver co constitucionalismo nun sentido amplo: doutrinas xurídicas, acordos institucionais, prácticas políticas e as súas implicacións para a lexitimidade, a democracia e a autoimaxinación política, e xuntos forman o tema deste libro.